



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
02.12.2019

LUGAR: Sede da Confederación de Empresarios de Pontevedra – García Barbón, 104, Vigo
DATA: 02.12.2019
HORA DE COMEZO: 12:30
HORA DE REMATE: 14:30

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. César Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a María Gloria Blanco Rial
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Daniel Couto Cancela
D. Daniel Barata Quintas
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

NON ASISTEN

D. Xoán Cebro Rodríguez
D^a Rosa María Sánchez Gándara

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O luns, 2 de decembro de 2019, ás 12:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (17.09.2019).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.

Propostas, acordos e informes da Comisión Executiva (reunión do 5 de novembro de 2019).

- 4.** Análise das principais causas do abandono de estudantes de Grao na UVigo. Comparecencia e informe do director da Área de Calidade.
- 5.** Aprobación, se procede, da modificación do punto 2.c) da Normativa e recomendacións do Consello Social sobre prezos e taxas das ensinanzas propias.
- 6.** Revisión dos artigos 79.1e) e 80.3) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, e do artigo 11 do Regulamento do Consello Social, sobre asistencias.
- 7.** Outros asuntos. Taxas e Memorias finais de cursos propios.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 10 de outubro de 2019).

- 8.** Aprobación, se procede, da asignación definitiva das 53 Bolsas-colaboración adxudicadas á UVigo polo Ministerio de Educación, para o curso 2019/2020.
- 9.** Outros asuntos. Axudas e patrocinios.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 21 de novembro de 2019).

- 10.** Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a Prácticums preprofesionais de alumnos en 2020, e da dotación económica correspondente para a súa realización.
- 11.** Aprobación, se procede, da edición impresa do informe "100 titulacións da UVigo (1990-2015). Formación complementaria e especialización profesional das persoas tituladas".
- 12.** Outros asuntos. Memoria de actividades desenvolvidas polo Consello Social en 2018.
- 13.** Información sobre a Oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da UVigo para o ano 2019.
- 14.** Informe sobre os convenios asinados pola UVigo nos meses de agosto, setembro e outubro.
- 15.** Rogos e preguntas.

Asiste como convidado Jorge Cebreiros, ex-membro do Consello Social e presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra e anfitrión deste Pleno. Para informar do punto 4, asiste Raquel Gandón, técnica da Área de Calidade da UVigo. O presidente agradécelle a comparecencia e a aportación.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (17.09.2019).

- ***Apróbese por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia Ernesto Pedrosa pedindo que conste en acta o agradecemento expreso a Jorge Cebreiros pola implicación, aportacións e compromiso continuo co Consello Social, que se reflicte na acollida da CEP a este Pleno "porque este é un dos sitios imprescindibles para que empresa e universidade se encontren". Alude ao convenio marco firmado pola Conferencia de Consellos Sociais (CCS) e a CEOE, para que a formación se achegue ás necesidades da sociedade tecnolóxica, fomentar o espírito emprendedor e identificar os perfís formativos máis demandados para modular a proposta académica. "Recoñezo a Jorge Cebreiros nesta sensibilidade...e aos empresarios que se integran como membros do Consello Social...porque facilita incorporar estes retos e unha gran vantaxe para acadalos".

De seguido da conta do acordo da asemblea xeral da CCS para emitir un comunicado en demanda de que os representantes públicos nas Cortes antepoñan o interese xeral á confrontación partidaria, e poñan á universidade no primeiro plano das prioridades políticas e impulsen "ese gran pacto de Estado pola educación superior que precisa España", a través dunha lei de universidades con consenso amplo e participación aberta. Informa doutros acordos da mesma asemblea, como crear unha sede fixa en Madrid, modificar os estatutos, incrementar a cota de asociados e facer un acto de recoñecemento aos seis presidentes que firmaron a fundación da CCS, entre eles o de Vigo, hai xa 15 anos.

Sobre a análise sobre o abandono dos estudantes, subliña en cifras o que cualifica como "un dos grandes lastres da universidade española", cun custo de 974 millóns de euros anuais. Apunta que o primeiro ano é clave porque hai unha clara relación entre o abandono e o fracaso de acollida na universidade. Para facerlle fronte avoga por medidas de integración e de acompañamento aos alumnos recentemente chegados, e confía en que tamén a implantación de Graos abertos axude a diminuír a cifra de abandonos.

Informa do decaemento da axuda aprobada no Pleno de abril para o proxecto "Ciencia cidadá: participación de datos para a investigación científica", por estar condicionada ao apoio da Fundación española para a Ciencia e a Tecnoloxía, que finalmente non acadou. Comunica o presidente que se pon en marcha a elaboración do Plan Estratégico da UVigo, e que os membros do Consello Social poderán participar nas tres comisións que se formarán a tal efecto, ademais da participación do propio presidente no comité de dirección.

Finalmente felicita á ex-membro do Consello Social Esther González Pillado por ser a primeira muller Valedora da UVigo, e dá "unha cálida benvida" a Gloria Blanco Rial, que substitúe a Carmen Fouces en representación do Concello de Pontevedra.

O presidente da CEP, Jorge Cebreiros, agradece ao presidente do CS e ao Reitor a celebración deste pleno na sede empresarial. Da a benvida aos asistentes e ratifica o compromiso da organización que preside ca universidade.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Refire Manuel Reigosa que a UVigo sitúase entre as máis transparentes de España á hora de render contas na rede. Manifesta o ánimo de seguir mellorando abordando requisitos aínda pendentes pero fáciles de arranxar, entre eles dous informes de responsabilidade social e de control que o próximo ano deberán pasar polo Consello Social para dar cumprimento aos indicadores pendentes, tal e como esixe a Fundación Compromiso e Transparencia.

Sobre a implantación do Grao en Deseño e Creación, aprobado na anterior sesión, aclara que se demorará un ano máis, porque non hai prazo suficiente para facer as modificacións na memoria que se esixen para implantalo no vindeiro curso. Sobre o Máster en Enxeñaría Aeroespacial explica que se finalmente se impartirá en Ourense é co liderado de Ourense, pero pasando de 90 a 120 créditos e



incorporando a profesorado da UDC. Avoga por implantalo canto antes, a ser posible no próximo curso.

Respecto da posible implantación dunha universidade privada en Galicia informa que séguense a dar pasos e que non houbo resposta ás alegación presentadas conxuntamente pola UVigo e a UDC. Neste intre presenta un texto en defensa da universidade pública, "un borrador de ideas" ao que dá lectura e que achegará aos membros do Consello Social para que poidan facer aportacións, suxestións ou melloras, e finalmente se converta nun comunicado aberto, "nun manifesto en defensa das universidades públicas e do SUG", que os compoñentes do Consello Social poidan asumir no seu conxunto.

Pecha o informe efectuando varias reflexións sobre os Graos abertos e os Másteres da excelencia, promovidos dende a Xunta de Galicia, e a pretensión de que se activen para o curso 2020/2021.

PUNTO 4

Análise das principais causas do abandono de estudantes de Grao na UVigo. Comparecencia e informe do director da Área de Calidade.

Tras agradecer a invitación a presentar o estudo e desculpar a ausencia do director Joaquin Collazo, e despois de subliñar a importancia deste indicador nos test de calidade, expón Raquel Gandón os datos a través de gráficas nas que resume a secuencia, evolución e comparativas de distintos indicadores do estudo, por ámbitos, por Campus e por titulacións. Na súa análise verticaliza, entre outros parámetros, nos datos referidos á taxa de abandono por cambio de estudo. Remata coas seguintes conclusións: a taxa de cambio de estudo é a máis relacionada co abandono; 8 das 10 titulacións ca maior taxa de abandono están entre as 10 que teñen unha maior taxa de cambio de estudo; das variables estudadas, a nota mínima de acceso é a que semella ter menor relación co abandono na UVigo.

Manuel González e Natalia Zunzunegui amosan interese en que se pregunte aos alumnos por que abandonan realmente, cuestión na que incide Javier Garrido que, así mesmo, pide que se comparen os datos cos de outras universidades e se tiren conclusións, e felicita aos autores do estudo. O presidente agradece a exposición e a presenza de Raquel Gandón, que abandona o Pleno neste intre.

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da modificación do punto 2.c) da Normativa e recomendacións do Consello Social sobre prezos e taxas das ensinanzas propias.

A instancia da Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e Extensión universitaria, modifícase o punto 2.c) da Normativa e recomendacións do Consello Social sobre prezos e taxas das ensinanzas propias, no que respecta ao pago máximo autorizado por profesor. Elimínase o límite máximo a cobrar por cada docente, establecido en 700 euros. A causa principal desta decisión é permitir que nalgúns casos e formatos se poidan facer cursos con un menor número de profesores sen ter que fraccionar a docencia.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 6

Revisión dos artigos 79.1e) e 80.3) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, e do artigo 11 do Regulamento do Consello Social, sobre asistencias.

No exercicio das súas competencias e obrigas, a Comisión propón a posible activación dos artigos 79.1e) e 80.3) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, e do artigo 11 do Regulamento do Consello Social, polos que se regulan as asistencias ás reunións do Consello Social, e poñer en coñecemento da posible afectación do artigo 11 do Regulamento do Consello Social a membros con



continuas e inxustificadas ausencias ás reunións convocadas durante 2019. Reflexiona o presidente a conveniencia de que, se ben se deben exercer as obrigas e competencias ca maior flexibilidade nesta materia, parece procedente, á vista da relación de ausencias, remitirle unha carta a quen non asistiu a ningún pleno durante 2019, para facelos partícipes da súa situación.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 7

Outros asuntos. Taxas e Memorias finais de cursos propios.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da asignación definitiva das 53 Bolsas-colaboración adxudicadas á UVigo polo Ministerio de Educación, para o curso 2019/2020.

Informa o presidente que como continuación do proceso iniciado pola Comisión o pasado mes de xuño en primeira instancia, para a asignación de 53 Bolsas-colaboración 2018/2019 concedidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional aos 42 Departamentos solicitantes da UVigo, e consonte á documentación remitida pola Sección de Axudas e Bolsas, efectúase a adxudicación definitiva tras as vacantes producidas despois do primeiro reparto. Finalizado o prazo e o procedemento de análise das solicitudes, hai 11 vacantes en 10 departamentos; e 27 solicitantes de 14 departamentos.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 9

Outros asuntos. Axudas e patrocinios.

Dá lectura o presidente ao resumo dos acordos adoptados pola Comisión no que se concederon axuda por importe de 9.600 euros.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 10

Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a Prácticums preprofesionais de alumnos en 2020, e da dotación económica correspondente para a súa realización.

No informe lido polo presidente, destácanse como elementos máis valorables os resultados e o desenvolvemento de actividades na anterior convocatoria e a favorable e crecente acollida que teñen estas axudas nos centros, porque permiten desenvolver aprendizaxes de formación práctica para os estudantes que doutro xeito dificilmente se poderían realizar. Resume que no curso anterior foron atendidas as peticións de once centros, aos que se concederon axudas comprendidas entre os 1.300 e os 3.900 €. Proponse abrir unha nova convocatoria para o curso 2019/2020 mantendo as bases e a asignación económica global de 30 mil euros, cun máximo de 5.000 € por centro.

- ***O Pleno dá a aprobación.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da edición impresa do informe "100 titulacións da UVigo (1990-2015). Formación complementaria e especialización profesional das persoas tituladas".

Apunta Ernesto Pedrosa que esta publicación culmina un traballo iniciado en 2017 por Luis Espada e Víctor M. Cacharrón, baixo o patrocinio do Consello Social, para achegarse aos máis de 70 mil titulados na UVigo entre 1990 e 2015, con vistas á creación dun Observatorio de egresados. Trátase neste traballo, entre outros obxectivos, de coñecer as necesidades formativas



complementarias de especialización profesional que tiveron os titulados para a súa inserción laboral unha vez rematados os estudos, e identificar as materias nas que poderían transmitir a súa experiencia profesional ao alumnado dos últimos cursos. Proponse a publicación de 250 exemplares en galego e 250 en castelán, con un importe total de 8.318 euros.

- ***O Pleno aproba a proposta.***

PUNTO 12

Outros asuntos. Memoria de actividades desenvolvidas polo Consello Social en 2018.

Visto o resumo dos acordos, que se achega, e as explicacións aportadas polo presidente sobre algunhas cuestión máis relevantes,

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 13

Información sobre a Oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da UVigo para o ano 2019.

Di o Reitor que nun ano "complexo", a situación saneada da UVigo permitiu facer uso da taxa adicional de reposición, despois de que a Consellería de Facenda autorizase desenvolver políticas de persoal. "Temos o recoñecemento da Xunta de que esta oferta é sostible, e temos os recursos e as autorizacións precisas para facela". Subliña Emilio Zunzunegui o acordo e o respaldo dos traballadores á proposta, que se trata no Pleno pola modificación que comporta do gasto.

- ***O Pleno amosa a súa conformidade.***

PUNTO 14

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo nos meses de agosto, setembro e outubro.

Referidas a este punto fan distintas apreciacións e consultas Jesús Graña (sobre os servizos que acollerán as dúas plantas dun edificio que a Xunta pon a disposición da UVigo en Pontevedra, entre outras), e Atanes Limia (para valorar o acordo entre a UVigo e a Deputación de Ourense para crear un Observatorio de investigación rural).

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

A preguntas de Manuel González, amosa o Reitor o agradecemento á Deputación de Ourense pola oportunidade de desenvolver o "Ourense rural Summit", un encontro de expertos sobre reto demográfico, medio ambiente e economía rural que resultou "un éxito". Esta acción é a primeira dentro do Observatorio do rural que promoven conxuntamente o organismo provincial e a UVigo, e Manuel Reigosa pon esperanzas na continuidade do convenio. De seguido informa dos efectos do radon no edificio da Biblioteca do Campus de Ourense e as medidas que se están aplicando. Respecto da crise climática valora o feito de ser a "única universidade do mundo" con dous representantes no IPC21, e anuncia plans de choque e actuacións para evitar a liberación de CO2 a atmosfera. Finalmente aclara que no caso do Máster en Enxeñaría Aeroespacial non se trata de que non haxa profesorado na UVigo, senón que se trata de optimizar os recursos que hai en Galicia, e reitera que será liderado por Ourense.

Elena Añel retoma este último asunto para amosar o desgusto porque o Máster non sexa exclusivo do Campus de Ourense "porque ese era o obxectivo, e non lideralo". Lamenta que cos equipos de gobernos implicados se perdera esa oportunidade. O Reitor subliña que habendo persoal especializado noutros centros, sería unha mágoa non aproveitalo.



Xulio Calviño e Elena Añel pronúncianse a favor de aprobar o texto base presentado polo Reitor, sen prexuízo de que se incorporen melloras posteriores, para que o Consello Social se pronuncie. Emilio Zunzunegui e o Reitor entenden e predicán a conveniencia dun texto que permita evitar a posible división ante este asunto, polo que priorizan o consenso como principal obxectivo do documento, que a modo de manifesto ten como argumento principal o apoio aberto ao Sistema Universitario de Galicia e ás universidades públicas. Reflexiona o presidente sobre o momento oportuno para un manifesto do Consello Social tendo en conta que a súa competencia neste proceso se circunscribe á desadscripción e non á posible implantación dunha universidade privada. Javier Garrido apela tamén ao consenso e pide que a defensa da universidade pública non choque coas iniciativas privadas. Concorde o Reitor que non se trata de criticar a ninguén senón de defender ás universidades públicas como argumento central e dirixido aos grupos políticos. Pide que se medite sobre o texto presentado, e lembra que o proceso é longo e "aínda vai tardar". Emilio Zunzunegui traslada ao Reitor a importancia de que todas as sensibilidadeas teñan acubillo no documento, para facilitar o pronunciamento unitario do pleno. Javier Garrido anuncia neste intre que non fará aportacións ao texto e que o asume conforme ao lido polo Reitor.

(A petición de varios dos asistentes, acordase remitir a todos os membros as alegacións presentadas pola UVigo á implantación dunha universidade privada en Galicia).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:30 horas do 2 de decembro de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias